



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Orientación, tutoría e calidade		Código	652G02012
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Rodicio Garcia, Maria Luisa	Correo electrónico	m.rodicio@udc.es	
Profesorado	Rebollo Quintela, Nuria	Correo electrónico	nuria.rebollo@udc.es	
	Rodicio Garcia, Maria Luisa		m.rodicio@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Nesta materia recóllense os conceptos básicos da orientación e tutoría no contexto da Educación Primaria. O docente é titor dun grupo de alumnos/as e debe coñecer esa función e saber como concretala no día a día da súa aula. Aquí van atopar respostas a como facelo para conseguir que a acción tutorial sexa, na práctica, parte do que-facer docente, contribuíndo así ao desenvolvemento integral dos estudantes e a mellorar a calidade da educación na devandita etapa.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Determinar e propoñer propostas de acción para a atención á diversidade	A6 A12		
Enumerar as funcións do titor e orientador en relación cos diferentes axentes educativos e explicar o que isto con leva asegurando a calidade do proceso	A18 A21 A22	B24	
Lembrar o referente á familia (evolución, tipos, funcións, estilos de vida e educación)	A24		
Poñer en práctica as competencias sociais en relación con alumnado, familias, compañeiros e outros profesionais	A20	B2 B14 B15	C3
Reflexionar sobre a incidencia de factores que afectan á educación familiar e escolar tendo en conta os principios éticos da práctica profesional e persoal.	A23	B17 B23	
Defender a necesidade da formación continua como profesional e cidadán			C5 C7
Reproducir os aspectos máis relevantes da orientación e a tutoría como factores chave da calidade do ensino e mostrar a súa aplicación a diferentes situacións.		B21 B22 B25	

Contidos	
Temas	Subtemas
Conceptualización da orientación e tutoría	Carácter polisémico do concepto de orientación A orientación na aula: concepto de tutoría
O Plan de acción tutorial (P.A.T.) como elemento de calidade do sistema educativo	Definición Elaboración Evaluación



Principios legais e psicopedagógicos que rexen a orientación e a acción tutorial	Normativa legal vixente Os principios da orientación Aplicación dos principios na acción orientadora
Liñas prioritarias da acción tutorial na Educación Primaria	Áreas da orientación en Educación Primaria A prevención e o desenvolvemento como prioridade
Funcións do profesorado titor	Cos alumnos Coas familias Coa comunidade educativa Coa comunidade en xeral
Recursos para a acción tutorial: Técnicas e instrumentos	A entrevista A observación O sociograma Dinámicas de grupo As TIC

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A23	2	0	2
Análise de fontes documentais	A21 A22 A24 B15 C3	4	17	21
Aprendizaxe colaborativa	A6 A23 B14 B15 B17 B23 B25 C3	4	8	12
Discusión dirixida	A12 C7	2	2	4
Presentación oral	B2 C3	4	4	8
Sesión maxistral	A18 A21 A22 A24 B2	12	0	12
Traballos tutelados	A23	6	34	40
Eventos científicos e/ou divulgativos	C7	0	9	9
Simulación	A20 A21 B2 B21 B22 B24	3	10	13
Proba mixta	A6 A12 A18 A20 A21 A22 A23 A24	2	22	24
Estudo de casos	A6 A12 C5	2	2	4
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Nas que os estudantes mostrarán os seus preconceptos acerca da materia obxecto de estudo, a través de técnicas como o brainstorming
Análise de fontes documentais	Accederán a textos indicados pola profesora así como a outros aos que chegarán eles sós partindo dalgunha indicación. Teranos que ler e responder a algunhas cuestións que se expoñan.
Aprendizaxe colaborativa	Propoñeranse unha serie de actividades grupales, para realizar dentro e fóse da aula.
Discusión dirixida	Debates na aula partindo de temas que se presenten así como doutros que teñan que ver coa actualidade do campo de estudo.
Presentación oral	Pediráselles que presenten na aula algún dos traballos feitos.
Sesión maxistral	Na que a profesora explicará diferentes contidos teóricos do programa.
Traballos tutelados	Haberá unha serie de traballos de diferente nivel de esixencia, que realizarán ao longo do curso baixo a tutela da profesora



Eventos científicos e/ou divulgativos	Propiciarase a asistencia a algún evento que se realice na Universidade e que redunde na súa formación.
Simulación	Consiste na representación dun fenómeno de natureza física, técnica ou psicolóxica, que permite unha análise máis sinxela, económica ou inocua que si se levava a cabo sobre o orixinal ou na realidade. Ponse ao suxeito ante unhas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Estudo de casos	Analizarán algún caso concreto de acción tutorial, algún plan de acción tutorial (PAT), etc.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Presentación oral Traballos tutelados	Trátase de axudar ao estudante a encamiñar ben o traballo, aclarar ben os pasos para dar na súa elaboración e contribuír a un mellor aproveitamento das actividades propostas.  A través do cal se traballará a capacidade de análise e síntese. Elaborarán un mapa sobre o concepto de Orientación.  Para traballar a competencia de expresión oral e presentación da información. Expoñeranse diferentes traballos interactivos desenvolvidos ao longo do curso.  Básicas e complementarias que axudarán á comprensión dos conceptos explicados nas expositivas.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Simulación	A20 A21 B2 B21 B22 B24	Valorase a capacidade do alumnado para resolver situacións relacionadas ca titoría e a orientación	15
Proba mixta	A6 A12 A18 A20 A21 A22 A23 A24	Avaliarase a aprendizaxe dos contidos vistos ao longo da materia	60
Presentación oral	B2 C3	Valorase tanto as habilidades comunicativas como os contidos presentados	25

### Observacións avaliación

<p>Para que o alumnado poda ser avaliado segundo a planificación anterior, débese ter unha asistencia ao 80% as clases interactivas. Para aprobar a materia deberán ter un mínimo de 3 puntos na proba de ensaio e 2 no resto das actividades. No caso de aprobar as prácticas e non superar o exame a calificación final da materia será como máximo 4 (correspondendo cun 10 nas prácticas).</p> <p>O alumnado que non cumpla o anterior criterio (80% de asistencia ás interactivas), deberá realizar a proba de ensaio que será o 100% da calificación final.</p>
---

### Fontes de información

